



# DOSSIER XORNADAS FORMATIVAS PATRIMONIO E TURISMO INCLUSIVO NA RIBEIRA SACRA





## DOSSIER XORNADAS FORMATIVAS PATRIMONIO E TURISMO INCLUSIVO NA RIBEIRA SACRA



### INDICE

1. Introducción
2. Xornadas formativas Novembro.
3. Xornadas formativas Xaneiro
4. Condicións.

Casa da Cultura do Concello de Pantón, lugar das sesións teóricas.



## 1. Introducción

Este curso, dividido en dúas fins de semana de xornadas formativas, terá lugar na casa da cultura do Concello de Pantón os días 23 e 24 de novembro e 18 e 19 de xaneiro.

O obxectivo principal será ofrecer un achegamento ás distintas áreas implicadas no turismo inclusivo.

Na **primeira fin de semana** contaremos con profesionais que falarán da inclusión e exporán casos prácticos do seu día a día. Despois das charlas faremos distintos achegamentos ao territorio para analizar casos concretos e comezar co estudo previo ao deseño dun percorrido que será outro dos obxectivos do curso. Desta forma promoverase a participación dos colectivos con distintos graos de discapacidade nas propostas de lecer.

Na **segunda fin de semana**, as charlas serán impartidas por profesionais implicados na posta en valor do patrimonio material e inmaterial dentro do Camiño de Inverno. Faranse distintas visitas para analizar como debe ser o turismo que respete e interactúe co contexto social, natural e patrimonial. Fortalecendo así as identidades individuais e colectivas da poboación da contorna, facéndooos partícipes da nova oferta turística como transmisores do seu patrimonio inmaterial. Realizarase un traballo grupal no que se deseñarán distintas propostas de turismo inclusivo en base aos aprendizaxes e reflexións realizadas nas dúas fins de semana.



Mapa do Camiño de Inverno. Fonte: <http://www.caminodeinvierno.com/>



## DOSSIER XORNADAS FORMATIVAS PATRIMONIO E TURISMO INCLUSIVO NA RIBEIRA SACRA



### 2. Programa xornadas formativas novembro.

**Sábado 23 de novembro**

9.30 PRESENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DA FORMACIÓN E DO EQUIPO DE FORMADORES.

10.00 a 11.30 FORMACIÓN SOBRE DISCAPACIDADE FÍSICA.

COGAMI (Confederación Gallega de Personas con Discapacidade), trata de conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Luisa Miranda Ferreiro, máster en Accesibilidade e técnico do servizo de accesibilidade de COGAMI. Esta persoa está a participar no CERMI de Galicia facendo aportacións á nova normativa que regula a accesibilidade a nivel estatal. Participa así mesmo nos grupos de traballo da UNE relativos a accesibilidade urbana e en edificación e a sinalización accesible.

Mónica Álvarez San Primitivo. Coordinadora da Asociación AGORA de Monforte e Vicepresidenta 2ª de COGAMI

Pausa para café

11.45 – 13.15 FORMACIÓN SOBRE DISCAPACIDADE COGNITIVA.

FADEMGA (PLENA INCLUSIÓN). Dende esta institución estanse a desenvolver accións encamiñadas a cumprir a misión de Plena inclusión: contribuír, dende o compromiso ético, con apoios e oportunidades, a que cada persoa con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento e a súa familia poidan desenvolver o seu proxecto de calidade de vida, así como a promover a súa inclusión como cidadá de pleno dereito nunha sociedade xusta e solidaria.

Moisés Lamigueiro Romeo é licenciado en Socioloxía e máster en Planificación e Dirección de Servizos Sociais, en Integración de Persoas con Discapacidade e en Apoios a Persoas con Discapacidade e Familias. Actualmente é coordinador da Área de Familias e da Área Social de FADEMGA Plena inclusión Galicia (Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual e do Desenrolo).

Alberto Seoane Bernárdez, autoxestor de FADEMGA Plena inclusión Galicia, imparte charlas en colexios para sensibilizar sobre a realidade das persoas con discapacidade intelectual. Tamén colaborou na recollida de información para a elaboración dun informe sobre accesibilidade cognitiva encargado pola Valedora do Pobo a través do CERMI Galicia, neste informe -entre outros moitos aspectos- avalíouse a accesibilidade cognitiva de estacións de tren e de autobús de varias cidades de Galicia.

Xantar



Adegas Moure

### 16.00 – 17.00 VISITA CASO DE ESTUDO: ADEGA MOURE

Abadía da Cova nace co ánimo de elaborar viños, licores e aguardentes coa menor intervención posible, respetando e protexendo o medio ambiente.

Están absolutamente implicados na viticultura de precisión, a conservación do territorio, e o respecto polos valores culturais da súa contorna. Dentro da visita tamén se inclúe a degustación do seu recoñecido viño.

### 17.00 - 18.30 VISITA CASO DE ESTUDO: PASEO FLUVIAL POLO RÍO MIÑO

Embarcaresdes na Praia da Cova coa patrona Luisa da Quinta Sacra na súa embarcación para percorrer o río Miño. No Verán de 2007, percorrendo o monte da súa avoa, na Quinta, tomou a decisión de deixar atrás a súa vida en Inglaterra. Agora é unha muller da Ribeira, e a barqueiriña do Miño



Praia da cova. fonte: viajargalicia.com

### Domingo 24 de novembro

10.00 - 11.30 TURISMO, INCLUSIÓN E XESTIÓN TURÍSTICA. O EXEMPLO DE 'SENTIR O MAR' E 'SENSEA'.  
Pablo Mariño, Bluscus turismo Mariñeiro.

Rocío Gómez Juncal, Psicóloga, profesora da Escola de traballo social de Santiago.

Ambolos dous expertos en navegación inclusiva a partires da súa experiencia en "Sentir o Mar" e "Sensea", iniciativas nas que persoas con discapacidade navegan en embarcacións tradicionais.

12.00 – 13.30 VISITA GUIADA CASO DE ESTUDO: MOSTEIRO DO DIVINO SALVADOR.

Único mosteiro que todavía conserva vida monacal en toda a Ribeira Sacra. Fúndase no século X como mosteiro dúplice e así permanece ata que no século XII son suprimidos este tipo de mosteiros. No ano 1175 anexionase ao Císter e iníciase unha nova etapa de renovación espiritual e económica.

O mosteiro conserva a igrexa románica do século XII. Trátase dun dos exemplares de arte románico máis interesantes da Ribeira Sacra.



Mosteiro do divino salvador: Fonte: deputación de lugo

13.45 - 14.30 REFLEXIÓNS FINAIS E PECHE DA XORNADA



## DOSSIER XORNADAS FORMATIVAS PATRIMONIO E TURISMO INCLUSIVO NA RIBEIRA SACRA



### 3. Programa xornadas formativas xaneiro.

#### Sábado 18 de xaneiro

10.00 – 12:00 “TURISMO INCLUSIVO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL. XAIME TOXO, pedagogo da ONCE e escritor, falará da discapacidade visual e mostrará materiais pedagóxicos que se poden utilizar no contexto do turismo inclusivo

12:30 – 14:30 “FACERMOS FALAR ÁS PEDRAS: PATRIMONIO CULTURAL, TURISMO E SOCIEDADE”. MANUEL GAGO, Xornalista, profesor, e divulgador da cultura o patrimonio e a gastronomía de Galicia é comisario da exposición ‘Galegos, un relato no mundo’, actualmente no Museo Gaiás de Santiago de Compostela.

17.00 – 19.00 “O PATRIMONIO INMATERIAL: ESCOITAR, DARLLE IMPORTANCIA, CONTAR A VIDA”. CELSO SANMARTIN, poeta e contador de historias, falará dos do patrimonio inmaterial e as historias que se escoitan e se contan.

19.00 Práctica ao redor do turismo e a discapacidade visual na praciña do Concello de Pantón.

#### Domingo 19 de Xaneiro

10.00 – 12:30 Práctica ao redor do Camiño de Santiago. Percorrido polo Camiño de Inverno no concello de Pantón.



12.30 – 14:00 Visita ao ecomuseo Pazo de Arxeriz.





## DOSSIER XORNADAS FORMATIVAS PATRIMONIO E TURISMO INCLUSIVO NA RIBEIRA SACRA



### 4. Condicións.

**Prezo:**

95 Euros, xornadas completas, novembro + xaneiro.

60 Euros, xornadas de xaneiro.

**Inclúe:**

Desprazamento ás visitas dende a localización da formación presencial (casa de cultura de Pantón).

Café nas pausas. Visita á Adegas Moure con degustación de un viño.

Paseo fluvial polo río Miño.

Seguros Responsabilidade Civil e Accidentes.

**Non inclúe:** Aloxamento. Xantar grupal opcional (As persoas que o desexen compartirán o tempo do xantar reservado nun restaurante da zona cun prezo pactado de antemán. Necesaria inscrición previa).

**Descarga do formulario de inscrición:** <https://www.facebook.com/events/2149370292023237/>

**Mais información:** [turismoinclusivonaribeirasacra@gmail.com](mailto:turismoinclusivonaribeirasacra@gmail.com)